

cinco días seguintes ao da súa notificación, por conduto deste Xulgado do Social, co depósito previo das cantidades obxecto da condena e cos requisitos exixidos no artigo 189 e seguintes do texto refundido da Lei de procedemento laboral e en especial o disposto no seu artigo 228 do citado corpo legal, consistente en que será indispensable que o recorrente que non goce do beneficio da xustiza gratuíta acredite, ao anunciar o recurso de suplicación, ter consignado na conta de depósitos e consignacións nº 2322 0000 60 0978 08, que este xulgado ten aberta na entidade *Banesto*, sucursal da rúa San Marcos, nº 3, 27001, desta cidade, a cantidade obxecto da condena, podendo substituír a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no cal deberá facerse constar a responsabilidade solidaria do avalista. O xustificante de consignación en metálico ou, se é o caso, o documento de aseguramento, nos cales deberá constar o número de procedemento, quedará baixo a custodia do secretario, que expedirá testemuño destes para a súa unión aos autos, facilitando o oportuno recibo, máis o depósito de 150,25 euros, previndo para esta clase de recursos que deberá constituírse na mesma conta nº 2322 0000 65 0978 08 da entidade *Banesto*, que para o efecto e baixo a denominación de recurso de suplicación existe, debendo entregarse os xustificantes na secretaría deste xulgado ao mesmo tempo de interpoñer o recurso, en caso de ser a empresa demandada condenada quen o interpuxese, de conformidade co disposto no artigo 227 do referido texto legal.

Así por esta miña sentenza, da que se unirá testemuño literal aos autos orixinais, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E, para que lle sirva de notificación a *Asertrans Maderera, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

Lugo, vinte e dous de abril de dous mil nove.

Rafael González Alió  
Secretario xudicial

## **XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE OVIEDO**

*Edicto (931/2008).*

Misael León Noriega, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous dos de Oviedo, fai saber que no procedemento de demanda 931/2008, deste xulgado do social, seguido por instancia de Víctor Alexander Rodríguez Castillo contra a empresa *Promociones y Construcciones Stone-Stone, S.L.* sobre

*mociones y Construcciones Stone-Stone, S.L.* sobre cantidade, se ditou con data do 11 de marzo de 2009, sentenza coa seguinte parte dispositiva:

«Resolvo que estimo a demanda interposta por Víctor Alexander Rodríguez Castillo, contra a empresa *Promociones y Construcciones Stone-Stone, S.L.*, condeno a tal empresa a lle aboar ao demandante a cantidade de 452,52 euros (catrocentos cincuenta e dous euros con cincuenta e dous céntimos).

Notifíquelles esta sentenza ás partes advertindo que contra ela non cabe ningún recurso.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo. Asinado e rubricado. Cristina García Fernández».

E para que lle sirva de notificación en legal forma á empresa *Promociones y Construcciones Stone-Stone, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advértese o destinatario de que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza ou se trate de emprazamento.

En Oviedo, 22 de abril de 2009.

Misael León Noriega  
Secretario xudicial

## **VI. ANUNCIOS**

### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Resolución do 13 de maio de 2009 pola que se convoca concurso, polo procedemento aberto e trámite ordinario, para a adquisición por parte da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (extinta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas) dunha subministración de equipamento informático.*

1. Obxecto. Adquisición por parte da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica dunha subministración de equipamento informático.

2. Orzamento de licitación: 94.827,59 €, IVA excluído, dividido en catro lotes:

Lote 1: ordenadores persoais 67.672,42 €.

Lote 2: monitores 6.465,52 €.

Lote 3: impresoras 5.172,41 €.

Lote 4: ordenadores portátiles 15.517,24 €.

3. Prazo de execución: 30 días naturais contados a partir da data de formalización do contrato.

4. Documentos de interese para os licitadores: a documentación poderá examinarse na Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia os días e horas hábiles de oficina, durante o prazo de presentación de proposicións, sita na Casa da Radio, s/n, San Caetano, en Santiago de Compostela.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=12125>.

5. Solvencia económica e financeira: deberá xustificarse polos medios sinalados no punto 18 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

6. Solvencia técnica: deberá xustificarse polos medios sinalados no punto 19 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

7. Fianza provisional: 3% do importe de licitación.

8. Fianza definitiva: 5% do orzamento de adxudicación.

9. Modelo de proposición: o que figura como anexo ao prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Prazo de presentación de proposicións: o prazo de admisión de proposicións rematará ás catorce horas do día que resulte de contar 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

As proposicións terán que presentarse, en sobre pechado, no Rexistro Único e Información, situado no edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou por correo, da forma indicada no artigo 80 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

No exterior dos sobres expresarase o seguinte texto: «Proposición para tomar parte no concurso convocado pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica para a subministración de equipamento informático que presenta D./D<sup>a</sup>... en nome... (propio ou da entidade que representa)».

11. Apertura de proposicións: en acto público, na sala de xuntas da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a partir das 12.00 horas do día que resulte de contar 10 días naturais a partir do día seguinte ao peche de presentación de proposicións que non coincida nin en sábado nin en festivo.

O importe do anuncio relativo a este concurso será por conta do adxudicatario, que deberá aboalo con anterioridade á sinatura do contrato.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2009.

María del Mar Pereira Álvarez  
Secretaría xeral de Modernización e Innovación  
Tecnolóxica

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Acordo do 17 de abril de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/461).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Endesa Distribución Eléctrica, S.L.*

Domicilio social: Montearenas, apartado de correos 35, 24400 Ponferrada (León).

Denominación: reforma e ampliación potencia subestación Areosa.

Situación: concello das Pontes de García Rodríguez.

Características técnicas: reforma subestación de Areosa exp. 51697 e aumento de potencia, coa ampliación dun trafo de 8 M.V.A. a 20/6 kV e a substitución das celas antigas por celas compactas de protección, medida, manobra e trafo auxiliar de 50 kVA en subestación. Concello das Pontes de García Rodríguez.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 17 de abril de 2009.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 31 de outubro de 2008, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se realiza a publicidade da Resolución do 2 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, na que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto de explotación da concesión derivada San Antonio 5736.10, nos concellos de Guitiriz e Friol (Lugo), promovido por Ingermarga, S.A. (Clave 25/2005).*

Visto o artigo 5 número 7º do Decreto 442/1990, do 13 de setembro (DOG nº 188, do 25 de setembro), de avaliación de impacto ambiental para Galicia, o